

NOTA DE PRENSA

O persoal das Áreas Administrativas dos centros de saúde da área de Santiago de Compostela, reunidos en assemblea o día 3 de marzo, e apoiados polos sindicatos asistentes CCOO, CIG-saúde, CSIF e UXT, queren manifestar o seguinte respecto ao artigo publicado en prensa o día 28 de febreiro, sobre a volta ao funcionamento dos teléfonos dos centros de saúde, para pedir as citas do médico:

- En primeiro lugar, as citas telefónicas a través da central de chamadas non teñen por qué supoñer un coste adicional xa que sempre existiu un número fixo provincial (na Coruña: 981952950), do que o persoal administrativo informou dende o primeiro momento da posta en funcionamento da Central.
- Un dos motivos da posta en funcionamento da Central de Chamadas fai pouco máis dun ano, foi a necesidade de mellorar a atención ao público e a calidade asistencial (tal como se recolleu no Plan de Mellora de Atención primaria) para o que se encomendou ao persoal administrativo dos centros outro tipo de tarefas máis relacionadas coa atención directa ao paciente e a xestión dos centros. O non ter que dar nós as citas telefónicas supuso unha mellora á hora de dar apoio inmediato ao resto do persoal do centro, axilizando a consulta, e reducindo o tempo de demora. Implica polo tanto, unha maior eficiencia na xestión do Centro de Saúde e unha mellora na atención ao paciente.
- A volta atrás que pretende o Sergas vai supoñer a inmediata saturación da línea, co cal, quen queira dirixirse ao persoal médico ou de enfermaría, así como comunicar calquera aviso de atención urxente, atoparase cunha gran dificultade, tal como viña ocorrendo antes da posta en marcha da central.
- Dende os centros de saúde, non observamos, tal como dí o Sergas queixas sobre a central de chamadas, non sendo sobre aspectos concretos na citación dalgunhas axendas que poden ser mellorados. Pola contra, o que sí observamos é a diminución das queixas e agresións verbais que viñamos sufrindo ante a desesperación dos pacientes pola demora.

Como conclusión, o colectivo de traballadores das Areas Administrativas da Area de Santiago, reclama a continuidade da Central de Chamadas con persoal estatutario, e a non habilitación dos teléfonos dos centros de saúde para a cita previa.

Asinan, como representantes,

Carlos Javier García Bustelo (PSX. do C:S: Boiro)
Jose Carlos Gestido Martinez (PSX do C.S.Calo)
Fina Canabal Carreño (PSX do C.S. Esteiro)
Mónica Pensado Silva (PSX do C.S. Conxo)